



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2020

En Laxe, sendo as 14:00 horas do día 27 de outubro de 2020, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)

Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)

Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Francisco Charlín Oróns (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)

Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)

Dna. Bárbara Varela Álvarez

Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asisten os seguintes concelleiros:

Don Diego Soto Pereiro (PP)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS EXPEDIENTE N° 20/2020. N°2020/T002/000020

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o expediente tramitado para a modificación de créditos por un importe total de 11.563,50€ para facer fronte a aportación municipal do fondo de financiamento para a reactivación económica e social, PEL REACTIVA.

Considerando o disposto na normativa vixente contida no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o R. D. 500/1990, de 20 de abril e as Bases de Execución do orzamento, e asimesmo o informe de Secretaría- Intervención que consta no expediente.

En exercicio das competencias atribuídas pola normativa aplicable, esta Alcaldía pola presente propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primero: Aprobar o expediente de modificación de créditos incoado, n°2020/T002/000020, consistente nunha transferencia de crédito a financiar con cargo á minoración ou baixa de crédito doutras aplicación orzamentarias e polo importe total de 11.563,50€, nos termos da súa redacción.

PARTIDAS ALZA 430 47900: 11.563,50€

PARTIDAS BAIXA 920 22706: 11.563,50

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións;



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Laxe, a 20 de outubro de 2020

O ALCALDE

Asdo^o.- José Luis Pérez Añón

Tras breves aclaracións do expediente, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primero: Aprobar o expediente de modificación de créditos incoado, nº2020/T002/000020, consistente nunha transferencia de crédito a financiar con cargo á minoración ou baixa de crédito doutras aplicación orzamentarias e polo importe total de 11.563,50€, nos termos da súa redacción.

PARTIDAS ALZA 430.47900: 11.563,50€

PARTIDAS BAIXA 920 22706: 11.563,50

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS EXPEDIENTE N°21/2020. N°2020/T002/000021

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o expediente tramitado para a modificación de créditos por un importe total de 11.840,12€ para facer fronte as obras de mellora da rede municipal de pluviales da rúa Vista Alegre, rúa do Cantón e rúa Rosalía de Castro, según memoria redactada que se adxunta o presente expediente,

Considerando o disposto na normativa vixente contida no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o R. D. 500/1990, de 20 de abril e as Bases de Execución do orzamento, e asimesmo o informe de Secretaría- Intervención que consta no expediente.

En exercicio das competencias atribuídas pola normativa aplicable, esta Alcaldía pola presente propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primero: Aprobar o expediente de modificación de créditos incoado, nº2020/T002/000021, consistente nunha transferencia de crédito a financiar con cargo á minoración ou baixa de crédito doutras aplicacións orzamentarias e polo importe total de 8.200,00€, nos termos da súa redacción.

PARTIDAS ALZA 160.63900: 8.200,00€

PARTIDAS BAIXA 920.63200 6.200,00€

920.22706 2.000,00€

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións;



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Laxe, a 20 de outubro de 2020

O ALCALDE

Asdoº.- José Luis Pérez Añón

Tras breves aclaracións do expediente, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primerº: Aprobar o expediente de modificación de créditos incoado, nº2020/T002/000021, consistente nunha transferencia de crédito a financiar con cargo á minoración ou baixa de crédito doutras aplicacións orzamentarias e polo importe total de 8.200,00€, nos termos da súa redacción.

PARTIDAS ALZA 160.63900: 8.200,00€	PARTIDAS BAIXA	920.63200 6.200,00€
		920.22706 2.000,00€

Segundo: Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

3.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS Nº 10/2020. NUM. EXP.2020/X998/000224

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 16.270,36 euros, facturas con rexistro de entrada no exercizo de 2020 correspondentes actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada nos informes de intervención de data 21 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 10/2020 cun importe total de 16.270,36



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal para o 2020, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.

Laxe, a 21 de outubro de 2020

O ALCALDE

Asdo^o.- José Luis Pérez Añón

Maniféstase o voceiro do PSdeG PSOE, Don José Manuel Mouzo Castiñeira, a favor da aprobación do recoñecemento de obrigas a pesar do reparo, pois di que todo o mundo que traballa ten dereito a cobrar. No mesmo sentido maniféstase o representante do BNG, Don Xosé Manuel Pose Lema.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada nos informes de intervención de data 21 de outubro de 2020.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 10/2020 cun importe total de 16.270,36 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal para o 2020, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.

4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL.

Dase conta da proposta de Alcaldía,

Os servizos sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas máis consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada a maior parte das veces pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade á que toda persoa ten dereito, ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local nos seus artigos 25.1: "O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que favorezan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal", e no artigo 25.2: "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: ...e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social".

Tamén a Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia que establece no artigo 11º: "Funcións dos servizos sociais comunitarios: (...) c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e detección precoz de situación de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social. (...) e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social".

No Título VII "De atribución de competencias", no artigo 58º "Criterios Xerais: (...) 1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderalle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Corporacións Locais de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta Lei". E no artigo 60º "Competencias dos Concellos: 1.a) A creación, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos (...)"

As administracións públicas, neste caso o Concello, precisan dispoñer dunha ordenanza áxil e efectiva, de maneira que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social coa normativa e os procedementos propios da administración e os que son de aplicación nestes casos. A presente ordenanza trata de reunir ámbolos requisitos – atención efectiva ás necesidades sociais e cumprimento normativo – poñendo especial énfase na axilidade do procedemento xa que unha parte importante da eficacia da prestación económica reside en que poida ser cuberta con inmediatez.

O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da devandita lei.

Visto o expediente completo sobre a elaboración do regulamento de Emerxencia Social para o concello de Laxe

Visto o informe de Secretaría-Intervención de outubro de 2020,

Visto o disposto no art. 49 da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do réxime Local , no tocante ao procedemento de aprobación de ordenanzas,

Visto o disposto no art 22 d) da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do réxime Local, polo que a competencia para a aprobación de ordenanzas corresponde ao Pleno do concello.

Propoño, ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Laxe a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- *Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de emerxencia social do concello de Laxe.*

2º.- *Someter o documento a un período de información pública por un prazo de 30 días mediante a correspondente anuncio no BOP aos efectos de que se presenten as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse entenderase definitivamente aprobado o texto ata entón provisional.*

Documento asinado electrónicamente.

Intervén o voceiro do PSdeG PSOE, Don José Manuel Mouzo Castiñeira preguntando por aspectos concretos de aplicación da ordenanza tales como o tempo de concesión da axuda, os problemas que poden xurdir por a residencia efectiva e tamén matiza que no artigo 17.3 optaría por quitar o período de 12 meses, de xeito que se non se cumpre coas condicións da axuda non se poida outorgar no futuro.

Intervén o sr. Alcalde explicando que o outorgamento faise en función de criterios económicos, que con respecto a residencia e necesario un informe que acredite a residencia efectiva e con respecto o artigo 17 depende da interpretación que se lle de. Engadindo que a ordenanza pode ir adaptándose en función das necesidades unha vez que a traballadora social detecte algún problema sobre a súa aplicación.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte ACORDO:

1º.- *Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de emerxencia social do concello de Laxe.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2º.- Someter o documento a un período de información pública por un prazo de 30 días mediante a correspondente anuncio no BOP aos efectos de que se presenten as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse entenderase definitivamente aprobado o texto ata entón provisional.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 14.10 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e connigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.